

Dúas contribucións á Romanística do Príncipe Louis-Lucien Bonaparte con presenza de voces galegas

Francisco GARCÍA GONDAR
Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

A historiografía da lingüística galega conta xa con varios traballos dedicados a dar noticia e/ou analizar a contribución do Príncipe Louis-Lucien Bonaparte (1813-1891) ao coñecemento científico do galego e mesmo ao desenvolvemento da prosa literaria nesta lingua, como promotor da tradución do Evanxeo de San Mateo (Sánchez de Santamaría 1861). Foi Alonso Montero (1958, 1959, 1962)¹ quen, por primeira vez, deu noticia e salientou o interese da contribución bonapartiana. Posteriormente, Kabatek (1992, 1993, 2005) analizou a tradución galega do Evanxeo de San Mateo e avaliaouna como contribución á creación da prosa literaria moderna, xunto coas breves suxestións sobre a codificación do galego que Bonaparte fai nas *Observaciones sobre la pronunciación del dialecto gallego* (Sánchez de Santamaría 1861: v-VIII), que figura como introdución á devandita tradución. Real Pérez (1999) deu a coñecer a tradución galega (probablemente a partir dunha fonte francesa) dunha colección de conversas previsiblemente destinadas a facilitar a aprendizaxe da lingua. E, por último, García Turnes (2003: 377-392), ao examinar a consideración do galego como co-dialecto do portugués por parte de José Leite de Vasconcellos (1858-1941), contrapón o concepto de co-dialecto do filólogo portugués co de Bonaparte (inspirador do primeiro).

Os intereses lingüísticos do Príncipe foron moi amplos, como ben o testemuñan a súa magnífica biblioteca persoal, constituída por máis de 15 000 volumes (Hamp 1974: 390), a diversidade temática da súa obra científica e as múltiples variedades lingüísticas —nomeadamente, as que hoxe cualificamos como minorizadas— para as que promoveu (e mesmo financiou) a tradución de textos bíblicos; entre todas elas ocupa un lugar especial o éuscaro, polo que sentiu unha grande e constante atracción desde comezos da década de 1850, tratando de aprendelo a través do contacto directo cos seus falantes en España e Francia e dedicándolle unha parte moi significativa da súa produción científica².

No período comprendido entre 1875 e 1890 publica en varios números do boletín da Sociedade Filolóxica de Londres múltiples traballos³, case sempre de carácter compara-

¹ Alonso Montero (1962) é, no esencial, unha refundición dos dous primeiros traballos, que apareceran como artigos xornalísticos.

² Na súa biblioteca chegou a dispoñer dunhas 700 obras sobre esta lingua, á que lle dedicou, segundo cómputo de Kabatek (1992: 7), 68 dos seus 219 traballos lingüísticos.

³ Contabilizo un total de 15 contribucións repartidas en catro volumes do boletín e dedicadas a moi diversas linguas, dialectos ou grupos de linguas europeos: dialectos ingleses (vol. de 1875-76), portugués en comparación co español, italiano, francés e inglés (1881-82), linguas eslavas vivas en comparación coas neolatinas e xermánicas (1881-82), linguas neolatinas (1881-82), linguas celtas, éuscaro, sardo e dialectos italianos (1882-84), linguas neolatinas (1882-84), portugués (1882-84), albanés (1882-84), éuscaro antigo e moderno

tivo, entre os que se atopan dúas achegas a eidos específicos do léxico das linguas romances (= *neolatinas*, na súa terminoloxía) que inclúen voces do galego e que, en consecuencia, cómpre incorporar ao catálogo das contribucións bonapartianas ao coñecemento da nosa lingua. Á primeira, publicada co título “Names of European Reptiles in the Living Neo-Latin Languages” (Bonaparte 1882-84), refírese Alonso Montero (1962: 93) cando, ao establecer o catálogo dos textos en que o Príncipe se ocupa do galego, sinala que a unha carta dirixida en 1887 ao naturalista galego Víctor López Seoane (1832-1900) adxuntou unha separata deste artigo, indicándolle que as formas galegas que aparecen nel as tirara dos dicionarios de Rodríguez (1863), Cuveiro (1876) e Valladares Núñez (1884). Da segunda, que é unha reedición do artigo que co mesmo título, “Words Connected with the Vine in Latin and the Neo-Latin Dialects”, publicara dous anos antes no boletín da Sociedade Filolóxica de Cambridge (Bonaparte 1881-82), non teño constancia de que ata agora se dese noticia nos estudos de historiografía da lingüística galega. As páxinas que seguen están dedicadas a analizar estas dúas contribucións, prestando especial atención ás fontes e aos elementos léxicos galegos que aparecen nelas.

2. ENFOQUE, CONTIDO, OBXECTIVO E FONTES

Os dous traballos constitúen achegas léxicas de carácter onomasiolóxico e comparativo que Bonaparte leva a cabo sen pretensións de exhaustividade, fundamentalmente porque era consciente das lagoas que presentaban os materiais bibliográficos que tivo á súa disposición para tirar deles os datos pertinentes sobre as distintas linguas e variedades románicas (Bonaparte 1881-82: 264). En realidade, o enfoque que adopta neles é habitual en moitos dos seus traballos anteriores, comezando pola súa primeira contribución á lingüística (Bonaparte 1847).

A pesar desa recoñecida falta de exhaustividade, cómpre salientar que a cantidade de formas léxicas que conseguiu reunir é moi notable: se o cómputo que fixen é exacto, o artigo sobre os nomes relacionados coa videira consta de 285 formas latinas e 2439 formas romances e o dedicado a recoller os nomes dos réptiles ofrece 1654 formas romances (contabilizando en ambos os dous casos as variantes fonéticas ou gráficas); así pois, en total estamos a falar de 4378 formas. Ademais, chama a atención o alto número de formas dialectais que aparecen nestes materiais: 1637 (67,1% do total de formas romances) no dos nomes relacionados coa videira e 1275 (77%) no dos nomes de réptiles; sen dúbida, a presenza deste tipo de voces é un claro testemuño do interese bonapartiano polas falas populares, traducido nunha constante práctica do traballo de campo destinado a recoller datos procedentes delas (Hamp 1974), razón pola que a súa obra científica merece a consideración de claro precedente dos estudos dialectais que empezaban entón a agromar como disciplina lingüística específica.

No artigo debuzado sobre os nomes relacionados coa videira indica que a motivación inmediata para escribilo foi a previa aparición no mesmo boletín da Sociedade Filolóxica de Cambridge dun artigo do filólogo clásico John Percival Postgate (1853-1926) dedi-

(1882-84), éuscaro, latín e linguas neolatinas (1882-84), dialectos italianos (1888-90) e albanés, grego moderno, galo-italico, provenzal e ilirio (1888-90).

cado á etimoloxía dos nomes latinos das uvas (Postgate 1880); porén, a pretensión de Bonaparte non chega tan lonxe, pois só aspira a ofrecer “a rich comparative collection of words without any etymological comment”, se ben apunta que podería resultar de utilidade “as a supplementary help, to those who might feel inclined to continue or extend Prof. Postgate’s etymological researches on this attractive topic” (Bonaparte 1881-82: 251). Sinala, ademais, que non é un traballo destinado a recompilar todas as voces relacionadas coa videira, xa que exclúe as palabras compostas, as que non se utilizan exclusivamente con referencia á videira, as formas diminutivas e aumentativas regulares (é dicir, as que non achegan ningunha noción semántica suplementaria, máis aló do seu valor diminutivo ou aumentativo), os nomes de características peculiares de videiras ou uvas e os que designan as súas enfermidades, os nomes de operacións relacionadas co cultivo da viña, os nomes de recipientes e os adxectivos, verbos e palabras semellantes que non fan referencia a un obxecto material (Bonaparte 1881-82: 264).

A contribución sobre os nomes dos réptiles responde aos mesmos obxectivos, aínda que, a diferenza da primeira, presenta inseridas de cando en vez notas etimolóxicas sobre algunhas das formas que achega. Por outra banda, o eido léxico que escolle agora está directamente relacionado coa afición herpetolóxica que nos seus tempos de mocidade lle inculcara o primoxénito dos seus irmáns⁴ e que o levou a recoller notas sobre os réptiles (entre elas, as léxicas) ao longo de toda a súa vida.

En canto ás fontes, os datos dos dous artigos proceden tanto de obras impresas (dicionarios, vocabularios, nomenclaturas, etc.) como manuscritas que formaban parte da súa biblioteca. Así mesmo, non deixa de incluír formas recollidas directamente por el da lingua oral desde 1843, aproveitando as viaxes que, cunha motivación lingüística, realizou por Italia, España, Francia, Bélxica, Suíza e as Illas Anglo-Normandas (Bonaparte 1881-82: 251; Bonaparte 1882-84: 312). Non se trata, polo tanto, de información nova no senso de que o Príncipe a recollese especificamente para compoñer estes traballos, senón de materiais que fora xuntando ao longo da súa vida. No caso dos nomes relacionados coa videira, el mesmo indica que as formas foron tiradas do manuscrito titulado *Lexicon Comparativum omnium Linguarum Europaeorum* (Bonaparte 1881-82: 251), do que tamén proceden os datos da súa primeira publicación lingüística (Bonaparte 1847) e unha boa parte das que ofrece no artigo sobre os nomes de réptiles procede “from my own herpetological notes, containing a great number of the vulgar names of reptiles” (Bonaparte 1882-84: 312).

En consonancia coa fasquía onomasiolóxica dos dous traballos, as formas aparecen agrupadas en función dos sentidos ingleses que lles corresponden (expresados nuns casos a través dunha única palabra e noutros a través dunha paráfrase), o cal implica que previamente tivo que analizar a información semántica que atopou nas fontes bibliográficas para establecer as equivalencias; pero nesta tarefa adoptou a precaución de desbotar a información que lle ofrecían os dicionarios bilingües, tendo só en conta as definicións dos reperto-

⁴ “For in my youth, I was something of an herpetological amateur under the guidance of the late well-known zoologist Charles-Lucian Bonaparte, second Prince of Canino, and my eldest brother” (Bonaparte 1882-84: 313).

rios léxicos monolingües⁵. Por outra banda, no traballo sobre os réptiles á agrupación semántica das formas superponse a clasificación zoolóxica en ordes, para a cal segue a *Erpétologie générale, ou, Histoire naturelle complète des reptiles* (Paris, 1834-1854, 10 vols.) de Constant Duméril e Gabriel Bibron.

Hai aínda un último aspecto que merece ser salientado como mostra da rigorosidade científica con que Bonaparte desenvolve estes traballos: a preocupación pola reprodución o máis exacta posible da pronuncia das formas. Malia soste que o ideal sería dispoñer dun alfabeto fonético único para representar a pronuncia de todas as variedades, reconece que ese obxectivo está lonxe de ser acadado⁶ porque moitos dialectos carecen aínda dunha descrición fonética axeitada e mesmo porque as diverxencias entre os fonetistas na interpretación dunha determinada pronuncia son frecuentes⁷. Por iso decide seguir as convencións gráficas que atopa nas fontes lexicográficas que manexa, sen renunciar a adoptar solucións propias nalgúns casos. Isto é o que explica a presenza nos dous artigos dunha sección que titula “Orthographical and Other Remarks” (Bonaparte 1881-82: 264-269) e “Orthographical and Phonetic Remarks” (Bonaparte 1882-84: 342-349); nelas detalla as convencións gráficas que adopta para reflectir axeitadamente a pronuncia.

3. AS VOCES GALEGAS

A ubicación do galego dentro do grupo portugués e a decisión de Bonaparte de excluír as formas dialectais italianas, españolas, portuguesas e francesas que son semellantes desde o punto de vista formal, semántico ou ortográfico ás da correspondente variedade

⁵ “[I]n order to obtain the nearest equivalent of each English word or definition in the several languages, dialects, subdialects, and varieties, I have not so much depended on bi-lingual lexical works, as on definitions given by the most accredited native authors of classical and standard national dictionaries, vocabularies, collections of words, etc.” (Bonaparte 1881-82: 251-252).

⁶ En realidade, naqueles mesmos anos empezou a desenvolverse o *Alfabeto Fonético Internacional*, creado en 1878 grazas, sobre todo, á iniciativa de fonetistas como o francés Paul Passy ou o inglés Henry Sweet, aínda que a súa primeira versión oficial só se fixo pública en 1888 (IPA 1999: 194-196).

⁷ “The words of the various languages, dialects, sub-dialects, and varieties contained in this list are generally given in the orthography adopted by the best authors of dialectal dictionaries. To write all these words in a strictly phonetical orthography common to all these forms of speech would have been very desirable; but, unfortunately, what is desirable is not always possible. This is certainly the case at present, not only because a great number of these dialects have never been treated phonetically in any work, but also because the most competent phonetist, even belonging to the same locality, disagree very often amongst themselves in their appreciation of sounds” (Bonaparte 1881-82: 265). Téñase en conta que esta preocupación de auténtico fonetista e dialectólogo xa se testemuña na súa correspondencia polo menos desde 1857 (Lupinu 2006: 135-136), cun posicionamento que parece que mantivo inalterado ao longo do tempo, e é a que levou a Vianna (1891-92: 352) a salientar, na nota que escribiu con motivo da súa morte, que se ocupou “com muito proveito em comparações fonológicas [= fonéticas] entre aquelas diversas linguas e dialectos [vasconço, linguas eslavónicas, linguas célticas, uralo-altaicas, albanês, dialectos románicos de Italia, português, dialectos da Hispanha, etc.]. A êste respecto os seus trabalhos despertarão sempre a curiosidade dos entendidos, e serão em todo o tempo lidos com utilidade, pe’los factos bem averiguados e preciosos que contem”. Os traballos historiográficos sobre a obra do Príncipe adoitan subliñar a súa preparación no eido da fonética, que explica a solidez das súas investigacións (cfr. Kabatek 1992 e Kabatek 1993, ambos con referencias específicas a fenómenos fonéticos do galego; Lupinu 2006: 135).

estándar (o portugués estándar, no caso do galego)⁸ fai que a nómina de formas galegas que aparecen nos dous traballos se vexa algo reducida, segundo terei oportunidade de mostrar en § 3.

Merece un comentario especial a cualificación do galego como subdialecto do portugués que se atopa no artigo sobre os nomes relacionados coa videira⁹, porque non se corresponde coa que Bonaparte mantería pouco tempo despois ao consideralo como *co-dialecto* do portugués. Coñecemos a súa aplicación ao galego deste último concepto a través da correspondencia que o Príncipe mantivo con Leite de Vasconcellos, reproducida nos treitos relevantes para esta cuestión en Bonaparte (1891-92). En carta do 19 de xuño de 1884 escríbelle:

je considère comme appartenant ao groupe portugais, non seulement 1°) le *portugais* de Portugal et d'Oliveira, qui était naguère une ville portugaise, —mais aussi comme dialectes distincts 2°) le *gallego* de Galice, et 3°) le *mirandez*. Quant au *berciano*, c'est pour moi un sous-dialecte gallego, et non pas un vrai dialecte, tandis que tous les autres parlers du Portugal, tels que le *beirão* (el probablement l'*alentejano*) ne seraient eux aussi que des sous-dialectes portugais, et non pas de vrais dialectes comme le mirandez et le gallego (Bonaparte 1891-92: 344).

A mesma idea aparece reiterada noutra carta datada o 10 de marzo de 1885:

“Je crois que portugais ordinaire (avec ses sous-dialectes) mirandez et gallego sont trois dialectes bien distincts de la même langue. Je veux dire trois co-dialectes indépendants comme dialectes, mais aucun des trois ne constituant une langue indépendante (Bonaparte 1891-92: 345).

Así pois, Bonaparte considera os co-dialectos como variedades independentes dunha lingua “porque presentan con respecto ó dialecto literario da mesma unha serie de variantes que se consideran fundamentais para marcar a distancia entre unhas falas e outras. Se as variantes que separan as distintas falas son poucas ou de terceira orde, estas constitúen subdialectos do dialecto literario” (García Turnes 2003: 379).

Os datos anteriores parecen indicar que, desde Bonaparte (1881-82) aos treitos epistolares de 1884 e 1885, a súa opinión verbo do galego cambiou, pasando de consideralo un subdialecto do portugués a clasificalo como dialecto; de acordo con esta cronoloxía, o cambio parece que habería que situalo entre 1882 e 1884 ou, se temos en conta que na reedición do artigo sobre os nomes relacionados coa videira se mantivo a cualificación de subdialecto, quizais se puido producir no mesmo ano 1884. Unha análise doutros traballos dialectais coetáneos probablemente podería contribuir a clarear máis esta cuestión.

Como tentarei amosar en §§ 3.1 e 3.2, as fontes galegas utilizadas polo Príncipe parece que foron os dicionarios de Rodríguez (1863) e Cuveiro (1876), así como a gramá-

⁸ “[T]he Low Latin and dialectal Italian, Spanish, Portuguese, and French names are not given when they do not differ more or less in form, meaning, or orthography from those still in use in the standard language to which they belong” (Bonaparte 1881-82: 264).

⁹ Atopámola na listaxe en que indica como deben interpretarse as abreviaturas que emprega ao longo do traballo para nomear as distintas variedades romances, coa seguinte forma: “*Gal.* Galician, subd.”. No traballo sobre nomes de réptiles non aparece ningunha referencia.

tica de Saco y Arce (1868) e, para as voces que identifica como bercianas, o pequeno glosario que cerra o poemario de Antonio Fernández Morales¹⁰. Os devanditos dicionarios son obras que cronoloxicamente corresponden ao momento fundacional da lexicografía do galego moderno e, en consecuencia, de extensión e calidade —desde o punto de vista dos materiais que achegan e da técnica lexicográfica— máis ben reducida (Santamarina 2000)¹¹. É evidente, pois, que a inexistencia dunha tradición lexicográfica consolidada e de estudos dialectais condicionou directamente a escaseza das voces galegas que, como imos ver, cita Bonaparte.

Consonte a súa preocupación por reflectir axeitadamente a pronuncia das voces que recolle, as seccións de notas gráfico-fonéticas dos dous traballos inclúen algunha sobre o galego. Concretamente, no traballo sobre os nomes relacionados coa videira o Príncipe aclara o valor fonético dos grafemas <c + e, i> e <z> con referencia explícita ao galego, entre outras variedades, indicando nos dous casos que na variedade galega setentrional se pronuncia como no inglés *so* (é dicir, con seseo)¹²; outras veces as referencias son máis xenéricas (“Portuguese dialects” no caso de <ó> e <o>, “Portuguese and its dialects” no caso de <ê>, <ê>, <ó> e <ô>, “Portuguese dialects of Spain” en <c + e, i>, <ch>, <s> e <z>, “Non-Spanish dialects of Spain” no dígrafo <ll>), o cal dificulta a súa interpretación; por último, hai notas que establecen equivalencias gráfico-fónicas para todas as variedades citadas no artigo e, polo tanto, tamén son pertinentes para o galego. No posterior traballo dedicado aos nomes dos réptiles, a información das notas preséntase reelaborada —supoño que para tratar de evitar ambigüidades— e por iso son máis frecuentes as referencias ao galego (concretamente, ao indicar o valor dos grafemas <c + e, i>, <ch>, <ll>, <ñ>, <nh>, <x> e <z>); aínda así, tamén se atopan referencias xenéricas ao portugués (agora sen referencia colectiva aos seus dialectos) que dan lugar aos mesmos problemas de interpretación xa indicados. No caso de <c + e, i> e <z>, reitera a distinción entre a pronuncia seseante do galego setentrional e a non seseante do meridional. Respecto do primeiro artigo, tamén se observa unha variación nas convencións gráficas pertinentes para o galego: a substitución do grafema <N> polo dígrafo <nh> para representar o /n/ velar. Por último, verbo da representación do carácter aberto ou pechado das vogais de grao medio, non dá ningunha indicación específica para o galego en ningún dos dous traballos, senón unicamente para “the Portuguese and its dialects”; a relevancia da distinción puido confirmala en Saco y Arce (1868: 17-18) e, tendo en conta que as grafías que utiliza se corresponden coas que emprega Cuveiro¹³, temos que supoñer que con elas trata de reflectila (*vid.* táboas 1 e 3).

¹⁰ Bonaparte atribúelle a autoría deste glosario a Mariano Cubí y Soler, autor da introdución, pero, segundo se indica no “Prólogo del autor” (Fernández Morales 1861: 41), foi elaborado polo propio Antonio Fernández Morales.

¹¹ *Vid.* tamén a detallada crítica que Pensado (1976) lle fai a Rodríguez (1863).

¹² A información —tamén errada— procede, sen dúbida, da distinción dialectal de Saco y Arce (1868: 231-234) entre un galego setentrional (seseante) e un galego meridional (que diferencia /s/ de /θ/), aínda que tamén se alude a ela no prólogo de Cuveiro (1876: v).

¹³ “Las *ê* y *ô*, con el mismo acento, indican su pronunciacion cerrada ó sea más oscura que las *e* y *o* comunes ó abiertas” (Cuveiro 1876: 6).

3.1. Nomes galegos relacionados coa videira (Bonaparte 1881-82)

Na táboa 1 aparecen recollidas as formas galegas de nomes relacionados coa videira que achega Bonaparte (1881-82), xunto coa indicación da súa presenza/ausencia nas obras que probablemente utilizou como autoridades. Son, en total, 24 formas que, de agruparmos as variantes fonéticas, quedarían reducidas a 20¹⁴. No comentario sobre as mesmas, ao igual que farei coas de nomes de réptiles, céntrome fundamentalmente no problema das fontes e nos aspectos de forma, pois un comentario sobre a súa semántica precisaría dunha extensión que excede os límites deste traballo.

Canto ás fontes utilizadas, na bibliografía cita a Cuveiro (1876) e Fernández Morales (1861), pero non a Rodríguez (1863), que é, en cambio, a única fonte galega que aparece no traballo sobre os nomes de réptiles.

FORMAS	Rodríguez (1863)	Cuveiro (1876)	Fernández Morales (1861)
ació	–	+	
bacêlo	–	+	
bago	–	+	
bagullo	+	+	
bangallo (berc.)	–	–	+
barbada	–	+	
*borda	– (xén.)	+ (ant.)	
*borde	–	+ (ant.)	
bullo (berc.)	–	–	+
canga	–	+ (acep. 2)	
carreña (berc.)	–	–	+
gallo (berc.)	+	+	+
garula	–	+	
garulla	–	+	
gromo	–	+	
gromon	–	+	
jerpa	–	+	
maliolo	–	+	
recimo	–	+	
refugallo	–	+ (= rebusco) ¹⁵	
sarmênto	–	+	
serpa	–	+	
vides	–	+	
xerpa	–	+	

Táboa 1. Formas galegas de nomes relacionados coa videira¹⁶

Se deixamos á marxe as catro voces marcadas como bercianas (*bangallo*, *bullo*, *carreña* e *gallo*) e aboadas en Fernández Morales, todas as demais aparecen rexistradas en

¹⁴ Non considero *borda* e *borde* como variantes, malia a súa semellanza fonética, porque en Cuveiro se presentan con significados distintos.

¹⁵ A entrada da voz *refugallo* remite a *rebusco*, pero esta última non aparece no dicionario. Ignoro como obtivo Bonaparte a información sobre o significado da primeira.

¹⁶ Nesta táboa e nas seguintes utilizo as abreviaturas acep.= acepción, xén. = acepción xenérica, ant. = antigo, o.a. = outra acepción.

Cuveiro, o cal nos confirma que a súa fonte principal foi este dicionario. Ademais, as formas *borda* / *borde* aparecen precedidas de asterisco para indicar o seu carácter arcaico, segundo a información que lle proporciona Cuveiro mediante a abreviatura *ant.*

A única voz que aparece dúas veces é *ació*, aboada por Cuveiro probablemente en lugar de *acio*, pero os sentidos que se lle atribúen ('A bunch of sour grapes' e 'Sour grapes') son practicamente idénticos e veñen corresponder ao único que dá Cuveiro ('Acídulo. Racimo verde').

A voz *gallo* 'gajo de racimo de uvas. El racimo pequeño' só a inclúe como berriana; porén, tamén aparece rexistrada en Rodríguez (1863) e Cuveiro (1876) co sentido xenérico de 'gajo, púa, vástago, retoño no cortado á raíz del patrón' e probablemente por esta razón decidiu excluíla, consonte a un dos criterios que establece ao comezo do traballo¹⁷.

Das formas rexistradas como portuguesas (*vid.* táboa 2), as fontes galegas de Bonaparte documentan catro: *bagullo* (Rodríguez e Cuveiro), *escadea* (Rodríguez e Cuveiro), *uva* (Cuveiro) e *vide* (Cuveiro); a elas habería que engadir *sarmêto*, rexistrada entre as galegas pola diferenza no grao de abertura da vogal tónica /e/ con respecto á portuguesa *sarmêto*. En consecuencia, de non aplicarse o criterio de exclusión das formas semellantes, a nómina das galegas aumentaría a 28 (24, se agrupamos as variantes fonéticas).

A consulta de obras lexicográficas ou estudos dialectais máis modernos, sen dúbida, permitiría ampliar notablemente a nómina de formas galegas coincidentes coas portuguesas; de feito, nunha rápida exploración de Carballeira Anllo *et al.* (2009) identifiquei tamén como galegas as seguintes (indico só as que teñen unha acepción específica relacionada coa videira): *agrazo*, *bacelada*, *bacelo*, *bagazo*, *cacho*, *cepa*, *gomo*, *graiña*, *mosto*, *pámpano*, *parra*, *parreira*, *parreiral*, *pasa*, *pimpollo*, *racimo*, *uveira*, *videira*, *viña*, *viñedo*. A insuficiencia da información que achegan as fontes bonapartianas resulta, pois, ben evidente.

¹⁷ "Words not exclusively used in speaking of the vine, or at least not more particularly applicable to it" (Bonaparte 1881-82: 264).

*Dúas contribucións á Romanística do Príncipe Louis-Lucien Bonaparte
con presenza de voces galegas*

FORMAS	Rodríguez (1863)	Cuveiro (1876)	Fernández Morales (1861)
acino	-	-	-
agrazo	-	-	-
bacelada	-	-	-
bacelo	-	-	-
bagazo	-	-	-
bagullo	+	+	-
baruso	-	-	-
cacho	-	-	-
cepa	-	-	-
engazo	-	-	-
escadea	+	+	-
gomo	-	-	-
graiña	-	-	-
graullo	-	-	-
labrusca	-	+	-
latada	-	-	-
mergullao	-	-	-
mergullia	-	-	-
mergullo	-	-	-
mosto	-	-	-
pampano	-	-	-
parra	-	-	-
parreira	-	-	-
parreiral	-	-	-
pasa	-	-	-
pendura	-	-	-
pímpollo	-	-	-
pollegar	-	-	-
propaxe	-	-	-
rabisco	-(o.a.)	-(o.a.)	-
racimo	-	-	-
rebusca	-	-	-
rebusco	-	-	-
sarménto	-	-	-
tesouriña	-	-	-
uva	-	+	-
uveira	-	-	-
vide	-	+	-
videira	-	-	-
vidoño	-	-	-
viñar	-	-	-
viña	-	-	-
viñedo	-	-	-

Táboa 2. Formas portuguesas de nomes relacionados coa videira¹⁸

¹⁸ Recoilo unicamente as formas identificadas como portuguesas, sen ningunha cualificación dialectal (correspondentes, polo tanto, á variedade estándar ou simplemente á variedade oral, sen ningunha outra precisión). Non as reproduzo tal como aparecen nos orixinais, senón coa necesaria adaptación gráfico-fónica ao galego para facilitar a súa busca nos dicionarios.

3.2. Nomes galegos de réptiles (Bonaparte 1882-84)

Na táboa 3 presento as formas galegas de nomes de réptiles rexistradas por Bonaparte (1882-84), indicando tamén a súa presenza/ausencia nas obras que puido utilizar como autoridades. Son, en total, 16 formas que, de agruparmos as variantes fonéticas, quedarían reducidas a 13; delas, unicamente *sacaveira* aparece citada en dous apartados distintos: dentro da Terceira Orde (Ofidios) co sentido de ‘víbora’ e da Cuarta Orde (Batracios) co sentido de ‘salamántiga’¹⁹. Ademais, o traballo cita a forma *coguerzo* precedida dun asterisco debido ao carácter arcaico que lle atribúe Cuveiro.

FORMAS	Rodríguez (1863)	Cuveiro (1876)	Valladares (1884)	Fernández Morales (1861)
bichorro	+	+	+	
cóbrega	–	+	+ (còbrega)	
*coguerzo	–	+ (ant.)		
crioba (berc.)	–	–	–	+
escorzo	–	+	–	
liscacer	+	+	+	
liscancre	+	+	+ (liscanzre)	
naya	–	+	–	
pinta	+	+	+	
pintega	+	+	+	
píntiga	–	+	–	
ra	+ (rá)	+ (rà)	+ (rà)	
ran	–	+	+	
sacaveira	+	+	–	
sapo concho	–	+ (sapo-concho)	+	
secábera	+	+	+	

Táboa 3. Formas galegas de nomes de réptiles

Chama a atención que Bonaparte cite na bibliografía final como única autoridade para as formas galegas a Rodríguez (1863), cando a táboa anterior amosa claramente que o único dicionario no que aparecen aboadas todas (agás a berciana *crioba*) é Cuveiro (1876) e, polo tanto, necesariamente temos que supoñer que este figurou entre as súas fontes, xunto con Fernández y Morales (1861), incluídos ambos na bibliografía do artigo sobre os nomes relacionados coa videira, que é cronoloxicamente anterior. De feito, como xa indiquei en § 1, a utilización de Cuveiro aparece confirmada na carta que lle remitiu en 1887 a Víctor López Seoane, xunto con unha separata do traballo; a referencia a Rodríguez (1863), Cuveiro (1876), Valladares Núñez (1884) e Saco y Arce (1868) tamén se atopa na carta a Aniceto dos Reis Gonçalves Vianna, datada en Londres o 29 de setembro do mesmo ano (Bonaparte & Vianna 1899: 41), ao informalo das obras galegas que naquela altura constituían os seus materiais de consulta²⁰. Temos que concluír, pois, que a ausencia de Cuveiro (1876) das referencias bibliográficas se debe a un lapsus. Do mesmo xeito debemos interpretar a ausencia de Fernández Morales (1861) —ao que si se fai referencia na carta a Gon-

¹⁹ Con estes dous sentidos referéndaa Cuveiro (1876), mentres que Rodríguez (1863) só aboa o de ‘salamántiga’.

²⁰ Os tres dicionarios forman parte aínda hoxe do Fondo Bonaparte que se conserva na Newberry Library de Chicago, segundo se pode comprobar no seu catálogo <<http://www.newberry.org/>>.

çalves Vianna—, pois a única forma berciana que cita, *crioba* (Bonaparte 1882-84: 324), aparece aboada co sentido de ‘cobra’ no pequeno glosario incluído ao final da obra (Fernández Morales 1861: 373), o cal confirma que o consultou.

Porén, creo que hai que descartar que entre as súas fontes figurase Valladares Núñez (1884) e isto por dúas razóns. En primeiro lugar, aínda que se poida conxecturar que o número das *Transactions of the Philological Society* en que se publicou o artigo apareceu cara a finais do ano 1884²¹, o dicionario de Valladares publicouse ese mesmo ano e, aínda que tivese chegado ás súas mans, non é probable que dispuxese de tempo abondo para baleirar as formas galegas que lle interesaban. En segundo lugar, entre os nomes de réptiles que recolle Valladares aparece a forma *escanzre*, que non encontramos na nómina das que Bonaparte presenta como galegas; se temos en conta a atención que o Príncipe presta aos máis mínimos detalles da pronuncia, non parece moi verosímil que prescindise da forma *escanzre* ou non a localizase²², pois a grafía que utiliza Valladares reflicte unha pronuncia en aparencia distinta á de *escancre*, que é a que aboa Cuveiro (1876). En consecuencia, a referencia a Valladares que se atopa na carta de 1887 a Víctor López Seoane debe xulgarse como un lapsus de memoria comprensible, se temos en conta a amplísima bibliografía que manexou para elaborar o traballo.

Das 26 formas que Bonaparte identifica como portuguesas (*vid.* táboa 4), os dicionarios de Rodríguez (1863) e Cuveiro (1876) aboan tres, que habería que sumar á nómina das 16 especificamente rexistradas como galegas (13, se agrupamos as variantes fonéticas): *cobra* (Cuveiro), *salamántiga* (Cuveiro) e *serpente* (Rodríguez) / *sêrpente* (Cuveiro). Aínda así, chama a atención que non rexistre como galega *salamántiga*, cunha sílaba tónica distinta á da forma portuguesa *salamantiga*, cando si o fai para *ran* / *ra*, diferenciadas da forma portuguesa *rã* unicamente pola nasalidade, e *sêrpente*, diferenciada da portuguesa *serpente* polo grao de abertura das vogais medias; do anterior hai que deducir que considera o cambio de sílaba tónica como unha alteración menor e que, en consecuencia, neste caso é aplicable o criterio de exclusión por semellanza. Ademais de *cobra* e *serpente*, Valladares Núñez (1884) aboa *rèla* e *sapo*, pero non as inclúo no cómputo tendo en conta a hipótese que veño de formular no parágrafo precedente.

²¹ O último acto da Sociedade Filolóxica do que informa o número correspondente a 1882-84 aparece datado o 20 de xuño de 1884.

²² Téñase en conta, ademais, que a entrada para *liscazer* / *liscanzre* non ofrece ningunha definición, senón que remite a *escanzre*, definida como ‘(*Anguis fragilis*). Cecilia, Culebra de damas; reptil pertenciente al órden de los oficios, familia de las Serpientes desnudas, llamadas así, porque sus escamas son tan pequeñas que parece tienen la piel enteramente descubierta. Algunos dicen que su mordedura es venenosa; otros, que ni aun muerde’. Dado que o Príncipe tivo que analizar as definicións dos dicionarios para establecer as equivalencias cos sentidos ingleses, de ter utilizado a Valladares Núñez (1884), hai que supoñer que necesariamente consultaría a entrada para *escanzre*.

FORMAS	Rodríguez (1863)	Cuveiro (1876)	Valladares (1884)	Fernández Morales (1861)
alicántara	–	–	–	–
anfesibena	–	–	–	–
anfisbena	–	–	–	–
arrá	–	–	–	+
áspid	–	–	–	–
áspide	–	–	–	–
cágado	–	–	–	–
camaleón	–	–	–	–
camaleonte	–	–	–	–
còbra	–	+	+(còbra)	–
lagartixa	–	–	–	–
lagarto	–	–	+	–
licanzo	–	–	–	–
licranzo	–	–	–	–
ósga	–	–	–	–
ra	+ rá	+rà	+ rà	–
rèla	– (o.a.)	–	– (o.a.)	–
rubéta	–	–	–	–
salamandra	–	–	–	–
salamanteiga	–	–	–	–
salamantiga	–	+(salamántiga)	–	–
sapo	–	–	+	–
sérpe	–	–	–	–
serpente	+	+(sêrpênte)	+	–
tartaruga	–	–	–	–
víbora	–	–	–	–

Táboa 4. Formas portuguesas de nomes de réptiles²³

Tamén neste eido do léxico é posible ampliar a nómina de formas galegas coincidentes coas portuguesas. De novo, a consulta de Carballeira Anllo *et al.* (2009) permitíume identificar as seguintes: *arrá*, *áspide*, *cágado*, *camaleón*, *lagarto*, *rela*, *sapo*, *serpe*, *tartaruga*, *víbora*. Queda, así, testemuñada unha vez máis a pobreza das fontes bonapartianas.

4. CONCLUSIÓN

Desde o punto de vista do galego, o valor dos dous artigos do Príncipe Bonaparte aquí analizados non radica nin na novidade das formas que achega nin na súa cantidade —moi reducida, pola escaseza dos materiais bibliográficos cos que puido contar naquela altura—, senón no feito de constituíren un testemuño máis do interese que seguía mantendo pola nosa lingua (iniciado uns 25 anos antes) e no potencial valor simbólico que para a súa recuperación podía ter o feito de apareceren nun estudo de carácter panrománico, aínda que se presenten como propias dunha variedade dialectal do grupo portugués, tal como era habitual considerar o galego na Romanística da época. A desgraza é que ese valor non chegase nunca a facerse real, porque os traballos de Bonaparte pasaron totalmente desapercibidos en Galicia ata tempos recentes.

²³ Realizo a mesma adaptación gráfico-fónica ao galego que indiquei para as formas portuguesas da táboa 2.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, J. (1958): “Luis Luciano Bonaparte promovió la traducción gallega del Evangelio de San Mateo (1861). El príncipe filólogo investigó aspectos de nuestra lengua vernácula”. *La Noche* 6/12/1958.
- ALONSO MONTERO, J. (1959): “Un centenario: El Príncipe Luciano Bonaparte y las traducciones gallegas del Evangelio de San Mateo”. *La Noche* 24/12/1959.
- ALONSO MONTERO, J. (1962): “El príncipe Luis Luciano Bonaparte en la lingüística gallega”. *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Histórico-Artísticos de Lugo* 7/57-58, 129-130. Reed. en *Lingua, literatura e sociedade en Galicia: 25 anos de Filoloxía Galega 1951-1976*. Madrid: Akal, 1977, 89-97.
- BONAPARTE, L.-L. (1847): *Specimen lexicæ comparativæ omnium linguarum Europæarum*, Florentiæ, [s.n.]. Hai unha reimpresión anastática en, L.-L. BONAPARTE: *Opera omnia Vasconice* ed. por J. A. Arana Martija. Bilbao: Euskaltzaindia, 1991, vol. 1.
- BONAPARTE, L.-L. (1881-82): “Words Connected with the Vine in Latin and the Neo-Latin Dialects”. *Transactions of the Cambridge Philological Society* 2, 1-61. Reed. en *Transactions of the Philological Society* 1882-3-4, 251-311.
- BONAPARTE, L.-L. (1882-84): “Names of European Reptiles in the Living Neo-Latin Languages”. *Transactions of the Philological Society* 1882-3-4, 312-354.
- BONAPARTE, L.-L. (1891-92): “Notas sobre classificação de algúns dialectos românicos”. *Revista Lusitana* 2/4, 344-346.
- BONAPARTE, L.-L. & A. DOS R. GONÇALVES VIANNA (1899): “Correspondance philologique”. *Revue Hispanique* 6, 1-51.
- CARBALLEIRA ANLLO, X. M. (coord.), C. ARES VÁZQUEZ, C. HERMIDA GULÍAS, P. IGLESIAS SIERRA, X. M. LEMA SUÁREZ, R. LÓPEZ FERNÁNDEZ (2009): *Gran dicionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais, 2 vols.
- CUVEIRO PIÑOL, J. (1876): *Diccionario gallego: El más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día, con las voces antiguas que figuran en códices, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares y su pronunciación: Para la Escuela de Diplomática, anticuarios, jueces, abogados, escribanos, párrocos y otras personas á quienes es indispensable su frecuente uso*. Barcelona: Establecimiento tipográfico de N. Ramírez y C.^a. Cito pola ed. de SANTAMARINA, A. (2009).
- FERNÁNDEZ Y MORALES, A. (1861): *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. León: Establecimiento tipográfico de la Viuda é Hijos de Miñon. Ed. facs. Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos, 2003.
- GARCÍA TURNES, B. (2003): “José Leite de Vasconcellos e o co-dialecto galego”. *Verba* 30, 367-397.
- HAMP, E. P. (1974): “On Bonaparte and the Neogrammarians as Field Workers”. En D. HYMES (ed.): *Studies in the History of Linguistics: Traditions and Paradigms*. Bloomington / London: Indiana University Press, 390-400.
- IPA 1999 = INTERNATIONAL PHONETIC ASSOCIATION (1999): *Handbook of the International Phonetic Association: A guide to the use of the International Phonetic Alphabet*. Cambridge: Cambridge University Press.
- KABATEK, J. (1992): “O príncipe Louis Lucien Bonaparte, precursor da lingüística galega”. *Cadernos de Lingua* 6, 5-26.
- KABATEK, J. (1993): “Louis Lucien Bonaparte und das Galicische”. En J. KABATEK & A. SCHÖNBERGER (eds.): *Sprache, Literatur und Kultur Galiciens: Akten des 2. gemeinsamen Kolloquiums der deutschsprachigen Lusitanistik und Katalanistik*, vol. 1. Frankfurt am Main: TFM / Domus Editoria Europaea, 85-110.
- KABATEK, J. (2005): “Jenseits der Sprachgeschichte: erste Kreationen Galicischer Prosa im 19. Jahrhundert”. *Galicien Magazin* 16, 23-28.

- LUPINU, G. (2006): “La figura di Luigi Luciano Bonaparte nella linguistica ottocentesca”. *Analecta Neolatina* 8/1, 129-151.
- PENSADO, J. L. (1976): *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega, I: El Diccionario Gallego-Castellano de F. J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega*. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- POSTGATE, J. P. (1880): “On the Latin Words for Grapes”. *Transactions of the Cambridge Philological Society* 1, 302-311.
- REAL PÉREZ, B. (1999): “‘Conversacións’: Diálogos inéditos en lingua galega recompilados por Louis Lucien Bonaparte”. *Cadernos de Lingua* 20, 29-64.
- RODRÍGUEZ, F. J. (1863): *Diccionario gallego-castellano*. A Coruña: Imp. del Hospicio Provincial. Cito pola ed. de SANTAMARINA, A. (2009).
- SACO Y ARCE, J. A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto y Freire.
- SÁNCHEZ DE SANTAMARÍA, J. (1861): *El Evangelio según San Mateo, traducido al dialecto gallego de la versión castellana de don Félix Torres Amat, por don José Sánchez de Santamaría: Precedido de algunas observaciones comparativas sobre la pronunciación gallega, asturiana, castellana y portuguesa, por el príncipe Luis Luciano Bonaparte*. London, [s.n.].
- SANTAMARINA, A. (2000): “Os dicionarios galegos”. En A. SANTAMARINA (ed.): *Diccionario de dicionarios: Versión 1*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, ed. en CD-ROM, 51-62.
- SANTAMARINA, A., (ed.) (2009): *Diccionario de dicionarios: Corpus lexicográfico da lingua galega [en liña]*. Vigo: Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo. <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>> [15-2-2012].
- VALLADARES NÚÑEZ, M. (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago: Tipografía del Seminario Conciliar Central. Cito pola ed. de A. SANTAMARINA (2009).
- VIANNA, A. DOS R. GONÇALVES (1891-92): “O príncipe Luís Luciano Bonaparte”. *Revista Lusitana* 2/4, 351-352.